

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020349	IES de Sanxenxo	Sanxenxo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura clásica	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A Cultura Clásica como disciplina escolar ten como principal papel profundar no coñecemento da sociedade, da súa organización e funcionamento nun territorio, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado nas etapas anteriores na área de coñecemento histórico, xeográfico e cultural.

Non se debe esquecer o importante que resulta adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente, mediante conceptos que consideramos nucleares, como por exemplo: o tempo histórico ou o espazo xeográfico.

Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

A finalidade desta materia concretaríase en dar unha visión global do mundo clásico e un conxunto de valores para que os

alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

Deste xeito, entendemos a Cultura Clásica, non coma unha narración anecdótica, descritiva ou unha clasificación estereotipada dos rasgos das sociedades pasadas; senón coma unha disciplina explicativa e interpretada, é dicir, un discurso que analiza e interpreta as claves dos procesos e os fenómenos xeográficos, históricos e culturais.

Na materia de Cultura Clásica de 4º traballaranse os seguintes contidos:

-Aspectos básicos da lingua grega e da lingua latina e as súas manifestacións literarias

-Marco xeográfico, histórico e social de Grecia e Roma

-Arte, Cultura, Pensamento, Espectáculos, Mitoloxía e influencias na actualidade

Centrándonos no noso caso concreto, o IES Sanxenxo atópase no lugar de Baltar, na parroquia de Portonovo, no concello de Sanxenxo (45,1 Km²) e ten 17.212 habitantes (segundo INE de 2018), repartidos entre 7 parroquias, das que catro delas son as que nutren de alumnado ó noso centro: Adina, Padriñán, Bordóns e Dorrón.

O concello presenta a nivel xeográfico unha indefinición ou mellor dito unha ambivalencia moi pronunciada, xa que por un lado temos as parroquias de Padriñán (onde se atopa a praia de Silgar) e Portonovo, plenamente urbanas non só por equipamentos e configuración, senón tamén polas súas características socioculturais, mentres que parte da Adina, Bordóns, Dorrón, e Nantes (non citamos as e Noalla e Vilalonga por ser área de influencia doutro IES) presentan unha estrutura xeográfica e social de carácter rural e típica dos pobos de ribeira, con vivendas espalladas, leiras circundantes e aproveitamento intensivo do solo con usos agrícolas e gandeiros.

Esta indefinición xeográfica e sociolóxica ten unha causa clara e precisa vencellada ao actual aproveitamento económico do concello: o turismo, sobre todo nas parroquias da Adina e Padriñán, que son as máis dinámicas e as que nutren principalmente ao noso centro. Pero tamén existe aínda unha rica cultura mariñeira e rural na que se insiren moitas familias do alumnado do centro.

O alumnado é na súa maioría de orixe galega, aínda que ven experimentando un crecemento o número de alumnos de procedencia extranxeira. O centro presenta unha significativa porcentaxe de alumnado con necesidade específica de apoio educativo (nos últimos cursos experimentou certo aumento o diagnóstico de TDHA e TEA).

No presente curso 2023-24, o número de alumnas e alumnos é aproximadamente de 310, repartidos en 13 grupos: tres grupos de 1º, 2º, 3º e 4º, máis un grupo de PDC en 4º.

O centro conta cun profesorado estable para o vindeiro curso, con un importante número de membros do claustro que teñen o seu destino definitivo no centro, se ben, nos últimos anos produciuse unha importante renovación do mesmo con moitas incorporacións.

O noso departamento conta con tres docentes, dúas con destino definitivo no centro e un funcionario en expectativa de destino, que imparten as materias de Xeografía e Historia, Economía e Emprendemento, Formación e Orientación Profesional, Educación en Valores Cívicos e Éticos, Proxecto Competencial e Cultura Clásica.

A plataforma EDIXGAL nos cursos de 1º e 2º da ESO está plenamente consolidada, e a partir do curso 2021-2022 implementouse o uso desta plataforma tamén en 3º e 4º da ESO con resultados satisfactorios.

Segundo se desprende das memorias do Departamento de Xeografía nos cursos anteriores, o alumnado presenta con carácter xeral dificultades significativas na lectoescritura, e un certo grao de abandono da materia, polo que o Departamento se propón incidir en aspectos clave para a mellora destas circunstancias a través da selección de materiais e a metodoloxía.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Língua e Literatura de Grecia		17	16	X		
2	Lingua e Literatura de Roma		16	17	X		
3	Marco Xeográfico e Histórico de Grecia e do Imperio Romano		17	18		X	
4	Organización Política e Social de Grecia e Roma		17	13		X	
5	Arte, cultura e ocio		16	20			X
6	Mitoloxía grecorromana e a influencia da cultura grecolatina na actualidade		17	21			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Língua e Literatura de Grecia	16

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	Coñecer o alfabeto grego	PE	70
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Coñecer léxico grego		
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	Coñecer as obras literarias principais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Mapa sobre Odisea	TI	30
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Busca de información sobre a Ilíada		
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Utilizar prefixos e sufixos de orixe grega		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. - Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino. - As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. - As linguas romances. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.

UD	Título da UD	Duración
2	Lingua e Literatura de Roma	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	Normas de derivación	PE	70
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	A Eneida		
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Frases de orixe latina		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixe e funcións.	Relación da Eneida coa Ilíada	TI	30
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Normas básicas de léxico e gramática latina		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Mitos grecolatinos. Orixe e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais. - Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar.

UD	Título da UD	Duración
3	Marco Xeográfico e Histórico de Grecia e do Imperio Romano	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Principais cidades do mundo antigo	PE	70
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Etapas da Historia de Grecia e Roma		
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Mapa do mundo antigo	TI	30
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Identificar sucesos e personaxes históricos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Atopar elementos da presenza clásica na civilización actual a través de investigacións en internet		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
4	Organización Política e Social de Grecia e Roma	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Relacionar rasgos da relixión de Roma cos da nova relixión cristiá	PE	70
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Organización Política e Militar		
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Organización Social		
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Relacionar etapas históricas coa súa organización política	TI	30
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	Políteísmo vs monoteísmo		
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Vías romanas na Península e en Gallaecia		
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	A situación da muller		
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	Elaboración de información sobre a vida cotiá		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Diferenciar a Democracia na Antiga Grecia e na actualidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. - Relixión romana: culto público e privado. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. - Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. - Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. - A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. - Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
5	Arte, cultura e ocio	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Coñecer os nomes de personaxes importantes relacionados coa arte e cultura, como por exemplo: Platón	PE	70
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Coñecer as características principais da Arquitectura Clásica		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	.Coñecer as características principais da Escultura		
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Coñecer as principais formas de lecer da Antigüidade como poden ser Loitas de gladiadores		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Realización de breves informes sobre Romanización de Hispania e Gallaecia	TI	30
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Realizar pequenos esquemas sobre a arte clásica		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Realización de mapas localizando monumentos clásicos		
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Análise dos Xogos Olímpicos na Antigüidade		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Atopar elementos da civilización clásica na contorna a través de investigacións en internet		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - Os espectáculos públicos en Grecia e Roma. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
6	Mitoloxía grecorromana e a influencia da cultura grecolatina na actualidade	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Coñecer os principais deuses gregos e romanos, a súa descendencia e sucesos principais protagonizados polos deuses	PE	70
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Coñecer mitos, seres e personaxes mitolóxicos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Atopar elementos da presenza clásica na civilización actual a través de investigacións en internet	TI	30
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Atopar elementos da presenza clásica nas manifestacións artísticas actuais a través de investigacións en internet e na biblioteca.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Coñecer Procura de información sobre temas relacionados coa Mitoloxía Grega e Romana , facendo fincapé nos coñecementos previos do alumnado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As seguintes concrecións metodolóxicas serven de guía para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe e dirixen a práctica docente para todas as materias que imparte este Departamento.

A metodoloxía a aplicar estaría baseada nalgúns aspectos da pedagogía construtivista, que desde os principios de autores como Piaget e Vygotski, postula a necesidade de entregar ó alumnado as ferramentas necesarias para xerar andamiaxes que lles permitan construír os seus propios coñecementos, modificando as súas ideas preestablecidas para poder aprender.

Pola propia natureza da metodoloxía construtivista, que prima a curiosidade e o autoconhecimento, terán unha importancia capital as TIC, as Tecnoloxías da Información e da Comunicación, xa que todas elas teñen o potencial de estimular a formación dunha estrutura baseada en valores, ideas, visións e intercambios. Estimulan a interacción social e promoven experiencias que axudan ó alumnado a adquirir coñecementos.

Para que o uso das TIC sexa efectivo débese procurar conseguir:

- 1.- A creación dun entorno virtual creativo, con múltiples ferramentas e materiais que serán tratados de forma crítica polo alumnado, buscando as fontes e referencias co rigor propio da materia de Xeografía e Historia.
- 2.- Comunicación efectiva entre o alumnado e a docente. Esta parte é fundamental, xa que fronte á crítica tradicional ó método pedagóxico construtivista, que afirma que fai a docente prescindible, o noso apoio, dirección e consello serán fundamentais para que o proceso de ensino-aprendizaxe consiga resultados óptimos.
- 3.- Importancia das actividades colaborativas e da participación na clase, favorecidas polo uso continuo de presentacións dixitais nas que se buscará a implicación constante do alumnado. Isto busca o compromiso activo de cada integrante da aula no proceso de ensino-aprendizaxe.

Para poder empregar mecánicas colaborativas, e, en xeral, para acadar un bo clima relacional na aula, temos que

partir dunha serie de principios que debemos, como docentes, inculcar ó grupo-clase:

- Responsabilidade individual: todos os membros son responsables do seu desempeño individual dentro do grupo, non debendo adoptar, pois, actitudes disruptivas.
- Interdependencia positiva: os membros do grupo deben ser conscientes de que dependen os uns dos outros para acadar a meta común.
- Habilidades de colaboración: son as habilidades necesarias para que o grupo funcione de forma efectiva: traballo en equipo, liderazgo, solución de conflitos,... Os membros do grupo interactuarán entre eles para establecer estratexias efectivas de aprendizaxe.
- Uso de rúbricas para valorar o proceso e progreso do grupo: o grupo reflexiona de forma periódica e evalúa o seu funcionamento, efectuando os cambios necesarios para incrementar a súa efectividade.

LIÑAS METODOLÓXICAS XERAIS

Toda esta programación ten un mesmo espírito: ampliar coñecementos, reforzando constantemente o que xa temos aprendido, relacionando unhas unidades con outras, e estas co campo máis amplo que son as Ciencias Sociais. Será fundamental facer referencia a cuestións xeográficas (demografía, tipos de industria, o estudo dos mapas físicos para entender manobras bélicas ou o interese estratéxico de certos enclaves coloniais, por exemplo), e artísticas, tanto as contidas no propio currículo, como todas aquelas que consideremos de interese e que axuden a avanzar e interrelacionar conceptos. As referencias literarias, cinematográficas e o mundo da novela gráfica serán constantes nas actividades de ensinanza-aprendizaxe, buscando motivar ás alumnas e alumnos e procurar que busquen novas vías de coñecemento histórico.

Partindo destas premisas, as cuestións de actualidade preséntanse tendo en conta os seus antecedentes históricos para poder analizalas desde unha perspectiva crítica, cotexando información de diferente procedencia. Desta maneira, achégase un coñecemento conceptual e terminolóxico propio da ciencia histórica, e situáranse espacial e temporalmente os diferentes fenómenos e realidades do mundo contemporáneo. Para comprender e asimilar o estudado e traballado na aula, propoñeranse actividades baseadas nos conceptos e o vocabulario que se traballase, e que deberán servir para procesar e interiorizar o coñecemento adquirido.

Ademais do propio apoio dado na aula, faremos entrega ó alumnado de distintos materiais teóricos, que lles poidan valer de referencia para enfrontarse ás probas escritas, dando sempre opción a que o alumnado amplíe información por medio das actividades de reforzo, ampliación e consolidación.

ACTIVIDADES DE ENSINO-APRENDIZAXE

As actividades constitúen un dos eixos fundamentais do proceso de aprendizaxe xa que na súa realización o alumnado adquire un papel activo. A programación de actividades realizouse seguindo estes CRITERIOS:

- Que faciliten o desenvolvemento de capacidades relacionadas co espazo e o tempo, a análise de fontes, o tratamento da información e a formulación de problemas.
- Que proporcionen aprendizaxes referidas a conceptos, procedementos e actitudes.
- Que presenten variedade en tipoloxía, procedencia e natureza das fontes históricas referidas, así como en grao de dificultade.
- Que manteñan coherencia interna en función da lóxica da historia e do deseño dun proceso de aprendizaxe significativa.
- Que desenvolvan a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo e o leven a reflexionar e potenciar o seu pensamento crítico.
- Que propoñan reflexións sobre os antecedentes históricos de situacións actuais, facilitando a interpretación desde unha perspectiva histórica do presente.

Fundamentalmente, os TIPOS DE ACTIVIDADES que se presentan son os seguintes:

- Actividades referidas á comprensión de contidos conceptuais e ao establecemento de relacións entre estes.
- Actividades de síntese de información.
- Actividades de reflexión sobre causas e consecuencias dos fenómenos históricos.
- Actividades de análise e interpretación de fontes históricas de diferente natureza: textos, gráficos, obras de arte, mapas históricos, debuxos satíricos, esbozo de batallas, carteis propagandísticos, obras cinematográficas, obxectos, etc.
- Actividades de busca e contraste de información.
- Actividades de produción / comunicación de información histórica que poidan incluír a realización de eixos cronolóxicos, mapas conceptuais, mapas históricos, etc.

Na aula alternaranse os traballos e actividades individuais cos desenvolvidos en pequeno e gran grupo, facilitando a comunicación entre o alumnado e a súa participación na clase segundo o profesorado determine en aras da autonomía persoal. Potenciaranse as estratexias de busca e tratamento da información, tanto escrita -prensa, manuais, monografías, etc.- como oral ou visual -medios de comunicación, diapositivas, etc.-

Dentro de cada unidade comezarse por explorar os coñecementos previos sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula..., e a continuación e indícaranse os obxectivos da unidade para que o alumnado saiba o que se pretende conseguir en cada momento.

As actividades de aprendizaxe poderán estar secuenciadas. As actividades iniciais consistirán principalmente no que se coñece como choiva de ideas, para que a docente saiba sobre que base pode traballar para construír unha aprendizaxe e coñecemento significativos. Tamén será frecuente a visión de imaxes, curtos ou fragmentos de documentais para captar a atención do alumnado polo medio audiovisual.

A este tipo seguiránlle as actividades de desenvolvemento, mediante as cales o alumnado entrará en contacto cos contidos, serán variadas e deseñadas segundo os contidos e as competencias traballadas. O docente tratará de usar textos, imaxes e outro tipo de documentos coa maior frecuencia posible. Posteriormente introduciranse actividades de consolidación e síntese, coa finalidade de afianzar e aplicar as aprendizaxes asimiladas. Serán realizadas ao finalizar as explicacións das Unidades Didácticas e servirán ao alumnado para obter unha visión global e clara dos contidos explicados. Nestas actividades destacarán a elaboración de eixes cronolóxicos sobre os contidos explicados, a realización de esquemas e cadros sinópticos, e a elaboración dun glosario histórico-xeográfico.

Dentro do posible tentarase facer cando menos unha saída para observar en directo algúns dos fenómenos estudados na aula (vexase o apartado de actividades complementarias e extraescolares).

Ao longo de todo este proceso, e como medidas de atención á diversidade introduciráanse actividades de reforzo, destinadas a aqueles alumnos con dificultades de aprendizaxe, e actividades de ampliación, para permitir que aqueles que adquiren os contidos de maneira satisfactoria poidan continuar aprendendo.

As primeiras poderán consistir en completar cadros sinópticos, resumos, realizar esquemas globalizadores, traballar con fontes histórico-xeográficas e con xogos en liña que motiven ao alumnado; as segundas poderían ser pequenos traballos de investigación sobre algunha cuestión particular dos temas traballados, así como o comentario de películas e obras literarias.

O mecanismo para comunicarse coas familias será a través dos respectivos titores/as ou a través de Abalar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Utilización do Edixgal - Eva
Materiais de elaboración propia
Cartafol persoal

Todos os grupos e niveis do centro forman parte do proxecto EDIXGAL, polo que a docente empregará os materiais virtuais facilitados dentro de dito proxecto, sen prexuízo de que se empreguen outros materiais que o docente considere metodoloxicamente axeitados.

Manexaremos recursos como artigos de prensa, fotografías, mapas mudos e unha serie de textos histórico-xeográficos escollidos. O obxectivo é que o alumnado remate o ano académico tendo manipulado un surtido amplo de fontes de información das que obter coñecemento ligado á materia.

O manexo destas fontes de información e produción de traballos por parte do alumnado tamén contempla o uso das TICs. Algúns recursos serán certas aplicacións tales como Prezi ou Powerpoint para elaborar presentacións ou mostrar unha relación de conceptos explicados rapidamente ao gran grupo; Google Earth ou Maps, para a localización de lugares, visitas virtuais a enclaves arqueolóxicos e análise do relevo da Terra; mapas flash interactivos para traballar a xeografía descriptiva; MovieMaker, para a creación de vídeos temáticos; Google Drive para o desenvolvemento de traballo colaborativo; ou Padlet como muros dixitais.

Ademais, dada a importancia social que teñen os medios de comunicación na actualidade, á que se une o seu compoñente motivador, farase imprescindible o uso da prensa escrita para ser empregada na análise de informacións, para recompilar datos, etc.

Outro tanto podemos dicir dos medios audiovisuais tradicionais (DVD, lector de CD, encerado dixital) e das novas tecnoloxías da información e a comunicación que resultan especialmente motivadores no caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Destacaremos o uso da Internet como fonte de información e como recurso didáctico. Todo isto farase, se é posible, a través da plataforma EDIXGAL

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Partiremos en tódolos niveles e materias deste Departamento, dunha avaliación inicial coa que pretendemos valorar os coñecementos previos e os nivel de desenvolvemento do alumnado nos distintos cursos.

Un instrumento desta avaliación pode ser unha proba inicial ou preguntas orais, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos. A data prevista para a avaliación inicial da ESO é nos primeiros días do curso, en setembro de 2023.

Preferentemente a través de probas escritas, a avaliación inicial pode consistir en:

- Lectura dun pequeno texto e preguntas orais sobre o mesmo. O obxectivo é ver o nivel de lectura comprensiva do alumno e o seu grao de coñecemento inicial sobre contidos das distintas materias.
- Mapas, sobre todo de España e Europa. Trátase de observar un nivel de coñecemento xeográfico básico.
- Cuestións sobre aspectos básicos de Xeografía ou Historia que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais,... que permitan coñecer se os alumnos e alumnas dominan eses procedementos tan básicos na nosa área.

Estas probas iniciais non se terán en conta para establecer a cualificación da avaliación. É unha observación sobre o nivel individual e do grupo, a partir da cal a docente preparará as estratexias e procedementos necesarios para a impartición das súas clases.

Nas reunións de avaliación inicial programadas no centro, trataranse os casos dos alumnos/as aos que se lle detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas na xunta avaliadora. Ademais, na materia que corresponde ao noso Departamento, os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas a cada alumno ou alumna.

De acordo cos resultados obtidos polo alumnado, a partir da realización de dita proba, poderáanse adotar as medidas que o Departamento ou os docentes consideren máis axeitadas para facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe segundo se recollen no apartado relativo á atención á diversidade.

Contémplese que se podan adoptar medidas organizativas, ou curriculares, en función das necesidades de dito alumnado. O mecanismo para comunicarse coas familias, será a través dos respectivos titores/as ou polo Abalar.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	16	17	17	16	17	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación e en todas elas o peso da cualificación recae maiormente nas probas escritas, nunha porcentaxe do 70%.

En canto as táboas de indicadores pondéranse sobre o 30% en cada unidade.

A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 7 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser de desenvolver, curtas ou tipo test; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado a través das diversas tarefas. Para a corrección destas tarefas empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 3; regular 1,5; mal 0, valores cos que logo se extrae a media. Na propia rúbrica aportaranse os matices que poden levar a notas con decimais.

Considérase aprobado cando, elaborados os cálculos segundo a ponderación, a cualificación dá máis de 5, de ser inferior, levarase a cabo o plan de recuperación.

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= $[(\text{Media Ex.} \times 70) + (\text{Media rúbricas T.I.} \times 30)] / 100$.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 0,85 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se lle aplicou ás unidades de cada avaliación, polo tanto será o resultado de:

Nota final= $[(\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33) + (\text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ aval.} \times 34) + (\text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ aval.} \times 33)] / 100$.

¡IMPORTANTE! Tanto na convocatoria ordinaria como na extraordinaria calquera proba escrita poderá avaliarse cun 0 (suspenso) se existe constancia, mesmo a posteriori, de que o alumno copiou, se permitiu que outros copiasen ou se hai indicios claros de ter utilizado medios fraudulentos durante a realización do exame (chuletas, intercambio de exames, uso de teléfono móbil, reproductores de mp3, smartwatch, audífonos ou sistemas similares). Mesmo no caso de non ter sido sorprendidos in fraganti durante a realización da proba, ante a existencia de indicios claros de fraude (incongruencias na redacción, exhaustividade minuciosa en datos teóricos moi concretos fronte a partes prácticas en branco ou con erros graves, respostas perfectas a cuestións non plantexadas, mesma elección de opcións en varias probas, respostas literais palabra por palabra iguais a documentos en pdf ou webs doadamente localizables en internet -wikipedia, dicionarios, blogs...-) quedará a criterio do departamento (reunido en sesión extraordinaria) a anulación e repetición da proba, mesmo de xeito oral. O profesorado das distintas materias poderá, en calquera caso, solicitar por parte do alumnado as aclaracións que considere oportunas para decidir a repetición da proba ou non. Por outra banda, os exames entregados sen cumprimentar os datos persoais (nome e apelidos), empregando Tippex ou similares, usando un bolígrafo ou pluma que non sexa azul ou negro ou un lapis, terá 0,5 menos sobre a nota final da proba.

Criterios de recuperación:

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración dunhas fichas de reforzo con diferentes propostas de tarefas competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación xunto coa preparación dunha serie de preguntas exame sobre ditos contidos. O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos.

Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). En relación á parte práctica este deberá ser entregado no prazo indicado e será puntuado seguindo as rúbricas: excelente 10; regular 5; mal 0, calculando logo a media. Na propia rúbrica aportaranse os matices que poden levar a notas con decimais.

Para calcular a nota da recuperación considerarase o 50% das probas escritas e o 50% dos traballos e será o resultado de:

Nota recuperación da avaliación non superada= $[(\text{Nota Ex.} + \text{Media rúbricas T.I.})] / 2$.

Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é superior a 0,85 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 0,85. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis.

Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécense cos instrumentos da recuperación.

Todo o traballo será titorizado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que

sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

6. Medidas de atención á diversidade

É indispensable recoñecer a existencia de alumnos e alumnas con diferentes necesidades educativas debido ás súas diversas capacidades, motivacións, estilos de aprendizaxe e intereses. Por iso é necesario ofrecer diferentes respostas dentro da aula, que se poden concretar nos seguintes aspectos:

No referido ós obxectivos didácticos, procuraremos que haxa un equilibrio entre os distintos tipos de capacidades a desenvolver, de forma que o alumnado atope diferentes vías para achegarse ás aprendizaxes. Por exemplo:

-Capacidades cognitivas: contidos referidos a identificar, recoñecer, etc.

-Capacidades afectivas: obxectivos referidos á valoración e aprecio do patrimonio, de actitudes cívicas, habilidades sociais...

-Capacidades sociais: obxectivos orientados á valoración das repercusións de diversos feitos, á mellora do contorno social, etc.

-Capacidades de relación interpersonal: realización de tarefas en grupo, participación en debates, etc.

No referido aos contidos tentarase:

-Fixar prioridades, é dicir, distinguir entre os contidos substanciais, que resulta básico aprender, e outros contidos que poden ser complementarios dos anteriores, seguindo a guía establecida co grao mínimo de consecución.

-Establecer un equilibrio entre os distintos tipos de contidos (conceptos, procedementos e actitudes) tal e como se fixo cos distintos tipos de capacidades nos obxectivos didácticos.

Na avaliación procuraremos:

Deseñar distintos niveis de complexidade, diferenciando tres graos de dificultade:

1. Que recoñeza e identifique.

2. Que analice e valore.

3. Que analice e valore criticamente a información.

Tentarase que cada alumno/a alcance os tres niveis, pero o grao de abstracción e dificultade de cada un permitirá diversificar os resultados do alumnado.

Partindo das avaliacións iniciais en cada unidade e ao principio do curso considerarase a necesidade de utilizar reforzos ou exercicios complementarios. Utilizaranse estratexias de avaliación variadas, como expoñemos no apartado de avaliación, para contribuír á atención á diversidade.

Por último, hai unha serie de medidas de aula e metodolóxicas que favorecen o desenvolvemento da diversidade e que en parte sinalamos no apartado de metodoloxía:

- Uso de metodoloxías diversas, combinando os métodos de exposición e indagación.

- Actividades diferenciadas segundo a posibilidade de alcanzar un grao ou outro de afondamento nos obxectivos.

- Materiais non homoxéneos, combinando as monografías específicas con medios audiovisuais que contribúan a reforzar a motivación ou a aportar tarefas específicas a alumnos con dificultades de aprendizaxe.

- Agrupamentos, de forma que o alumnado poidan ser cambiados de lugar en función das necesidades da clase, sobre todo para o traballo en pequeno e gran grupo.

- Utilización de ritmos distintos, acordos coas capacidades e posibilidades dos alumnos e alumnas.

Especificamente mencionaremos as medidas levadas a cabo e consensuadas co departamento de orientación no que se refire a:

Tratamento do Déficit de Atención e Hiperactividade: terase en conta o establecido no punto 8.1. Anexo 1 apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do "Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario", con medidas de ubicación e ordenación da aula, reforzos positivos, técnicas de time-out, consolidación de hábitos e rutinas de traballo, utilización de axenda escolar na planificación,...

Trastornos do Espectro Autista: reforzos positivos, traballo grupal de recoñecemento da diversidade (en coordinación co titor/ra), reforzo da autonomía persoal a través da planificación do traballo e utilización de instrumentos de planificación como a axenda.

Dificultades de Lecto-Escritura: reforzamento de lectura comprensiva, supervisión e reforzo de expresión escrita.

Finalmente, para aqueles alumnos que non consigan acadar os obxectivos mínimos a través de todas estas medidas ordinarias de aula, recorrerase a:

>Reforzos educativos, consistentes na explicación personalizada da materia coa realización de exercicios específicos e deseño de materiais específicos sobre os mínimos esixibles da materia, incluíndo actividades específicas, de reforzo e consolidación de aprendizaxes se fose preciso. Os alumnos/as que precisen dun reforzo haberán de alcanzar en calquera caso os obxectivos mínimos da materia para obter unha avaliación positiva.

>Adaptacións curriculares, realizadas en colaboración co Departamento de Orientación e que poderán modificar os

elementos prescriptivos do currículo segundo as necesidades do alumno/a, con probas deseñadas especificamente para os alumnos e alumnas que o necesiten.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.			X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X		X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.				X		
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X		X	X	X	
ET.7 - A educación emocional e en valores.		X				
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X		X		X
ET.9 - A creatividade.	X				X	X
ET.10 - A educación para a paz.				X		

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, a xustiza, a igualdade, ao pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Museo de Pontevedra	Observar restos romanos como por exemplo aras e miliarios			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos.
Metodoloxía empregada
Usáronse distintos instrumentos de avaliación
Dáse un peso real á observación do traballo na aula
Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe
Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado

Descrición:

Para realizar a avaliación e seguimento da presente programación, semanalmente os membros do Departamento, irán valorando as modificacións ou o desenvolvemento da mesma, de forma que as dificultades atopadas poderán ser solucionadas con inmediatez. Unha vez cada mes este seguimento, coas modificacións realizadas, farase constar na

acta das reunións.

Do mesmo xeito a través da Memoria do Departamento, realizase unha avaliación final que determina o alcance dos resultados acadados ó remate do proceso. A finalidade é medir a funcionalidade do plan ou programa no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora.

Para realizar estas avaliacións do proceso de ensino-aprendizaxe, e poder detectar as posibles dificultades e necesidades, os membros do Departamento no seu conxunto valorarán os resultados obtidos polos alumnos e alumnas dos distintos cursos e materias, o grao de cumprimento dos obxectivos xerais e por cursos, e revisarán o proceso de ensino aprendizaxe para o que poden empregar rúbricas que recollan as cuestións plantexadas no apartado superior.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora faranse a través da pestana de seguimento de Proens ó final de cada avaliación. Para este proceso terase en conta:

Técnicas: observación directa, análise de adecuación e análise de tarefas e documentos.

Instrumentos: cuestionarios, fichas, entrevistas, rexistros de información, tarefas escolares, probas obxectivas.

Criterios fundamentais: teranse en conta aspectos como:

- 1) Nivel de adecuación entre a programación e o desenvolvemento da práctica docente
- 2) Grao de satisfacción do alumnado coa materia
- 3) Porcentaxe de aprobados/suspensos en cada grupo
- 4) Nivel de desenvolvemento dos contidos da materia

Aspectos a analizar na revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

1. Realizouse a avaliación inicial.
2. Aplícanse medidas de atención á diversidade, reforzos, apoio e recuperación.
3. Cumprimento da temporalización dos contidos e estándares.
4. Aplícase a metodoloxía didáctica acordada no departamento.
5. Incorporáanse as TIC ao proceso de ensino e aprendizaxe.
6. Vincúlanse os instrumentos de avaliación cos estándares.
7. Úsanse os distintos instrumentos de avaliación.
8. Mídense os estándares básicos en cada área.
9. Analízanse os resultados das avaliacións individualizadas.
10. Tratamento preciso dos temas transversais.
11. Coordinación do profesorado da mesma materia.

9. Outros apartados